

DOMINGO 5 ORDINARIO CICLO A

PRIMEIRA Is 58, 7-10

A túa luz irrumpirá coma mañá

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

Di o Señor:

Non é acaso repartir o teu pan co famento
e acoller na túa casa os pobres sen pobo?
Cando vexas o espido, vísteo
e non te escondas da túa propia carne.
Entón resplandecerá a túa luz coma a alba
e a carne nova da túa ferida brotará logo.
Si, a túa xustiza camiñará diante de ti
e a gloria do Señor pechará a marcha.
Entón clamarás ao Señor e responderache,
pediráslle axuda e dirache: "Aquí estou".
Se apartas do medio de ti o xugo,
o sinalar co dedo e a palabra mala,
se lle quitas ao famento a gana que ti sentes,
e fartas a gorxa aflixida,
entón a túa luz brillará na escuridade
e a túa tebra será coma o mediodía.

SAMO RESP. Sal 111, 4-5. 6-7. 8a e 9

R/ (4a): Nas tebras brilla unha luz para os rectos

Ou: Aleluia

Nas tebras brilla unha luz para os rectos,
os xustos, os misericordiosos e os clementes.
Benia quen se apiada e presta,
e goberna os seus bens con xustiza.

Endexamais non perecerá,
pois de eterna lembranza son os rectos.
Non terá medo de malas noticias,
pois o seu corazón confía no Señor.

O seu corazón está firme e sen medo,
Dálles xenerosamente aos pobres,
a súa prosperidade é duradeira:
erguerá con honor a súa fronte.

SEGUNDA 1 Cor 2, 1-5

Anunciéivo-lo misterio de Cristo crucificado

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS CORINTIOS**

En canto a min, irmáns, cando cheguei onda vós, non cheguei exhibindo elocuencia nin saber para anunciarvos o misterio de Deus. Nada pretendín saber entre vós fóra de Xesús Cristo; e Cristo crucificado. E eu presenteime diante vosa cunha sensación de impotencia e tremendo de medo; e a miña palabra e maila miña predicación non se apoiaban en argumentos persuasivos e sabios, senón que constituían unha demostración do poder do Espírito: todo para que a vosa fe non se apoie na sabedoría dos homes, senón no poder de Deus.

ALELUIA Xn 8, 12:

Eu son a luz do mundo, di o Señor; quen me segue terá a luz da vida

DOMINGO 5 ORDINARIO CICLO A

EVANXEO Mt 5, 13- 16

Vós sodes a luz do mundo

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Dilles Xesús aos seus discípulos:

Vós sodes o sal da terra. Pero se o sal se volve insulso, con que se vai salgar? Para nada vale xa, senón para tirar con el e que o pise a xente.

Vós sodes a luz do mundo. Non se pode agachar unha cidade afincada na cima dun monte. Tampouco se acende unha lámpada para poñela debaixo da artesa, senón sobre o candeeiro, para que alume a todos os da casa. Alume así a vosa luz aos homes, para que, vendo as vosas boas obras, glorifiquen a voso Pai que está nos Ceos.